

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Programación xeral anual
do
CMUS PROFESIONAL
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Curso: 2016-17





ÍNDICE

Capítulo I (letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010).....	3
1. Obxectivos específicos	3
2. Medidas que se van desenvolver	4
2.1 Horario xeral e criterios para a súa elaboración.....	7
2.2 Horario de atención ao público	8
2.3 Cadro xeral horario de atención tutorial	9
2.4 Horario de utilización das instalacións do centro	11
2.5 Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio	12
Capítulo II (letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010).....	13
1. Documento de organización do centro	13
2. Modificacións do proxecto educativo	13
3. Programacións didácticas dos departamentos	13
Capítulo III (letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010).....	14
4. Profesorado participante en programas de innovación educativa	14
5. Programa anual de formación do profesorado	14
6. Programa de promoción da lingua galega.....	17
7. Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	18
8. Plan de autoprotección	18



Capítulo I (letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1. Obxectivos específicos

1. Potenciar a innovación educativa, a formación do profesorado e a creación de materiais didácticos propios para uso do Centro.
2. Potenciar a educación do oído como elemento vehicular nos estudos de música.
3. Continuar a demandar da Administración Educativa a ampliación das instalacións do Centro.
4. Mellorar no posible as infraestruturas e as instalacións do Centro.
5. Promover a implantación de novas especialidades no noso Conservatorio.
6. Diseñar un plan de Autoprotección no Conservatorio
7. Optimizar os protocolos do Centro para prestar un mellor servizo á Comunidade Educativa.
8. Establecer unhas directrices claras e acordadas polo Centro que faciliten o cumprimento de procedementos e trámites de xestión académica e administrativa.
9. Optimizar a acción titorial do alumnado mediante a mellora do sistema de solicitude e atención das titorías.

10. Mellorar a accesibilidade do profesorado á información académica ou documentación de relevancia do Centro para a atención do alumnado.
11. Promover a participación e implicación de nais e pais no proceso educativo, tanto a nivel individual como asociativo.
12. Propiciar intercambios de actividades con outros conservatorios entre alumnado e profesorado
13. Colaborar cos Centros educativos da contorna en proxectos comúns que melloren a formación do alumnado, e facilitar a participación do noso alumnado en espazos culturais: teatros, auditorios, etc. co obxectivo de mellorar a súa formación.
14. Prestar atención ao cumprimento da LEI ORGÁNICA 2/2007, do 20 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. Medidas que se van desenvolver

1. Promover a creación de grupos de traballo para a creación de materias didácticos propios e entre eles promover un curso de formación de inglés para músicos.
2. Participación do Centro no desenvolvemento das actividades de tutoría de alumnado do prácticum do Master en Profesorado de Educación para alumnado das Universidades autorizando expresamente a presenza e



participación do alumnado nas actividades do Centro e a súa adecuada coordinación e titorización por parte do Conservatorio en Colaboración coa súa Facultade.

3. Solicitar unha reunión coa Xefatura Territorial para analizar as posibilidades de ampliación do noso Centro.
4. Solicitar o arranxo das goteiras que se veñen producindo durante o inverno.
5. Realizar a substitución da iluminación do Auditorio, a realización de unha cabina pechada de gravación e un sistema que permita a visión do escenario dende unha pantalla situada no exterior para evitar as molestias que producen o acceso á sala cando durante a actuación. (De non ser posible debido ao elevado custe que supón afrontaríase en diferentes fases)
6. Solicitar a dotación de armarios adecuados ás necesidades específicas de cada instrumento.
7. Crear unha nova páxina web.
8. Contratar un servizo externo para dotar ao Conservatorio de un plan de autoprotección.
9. Acordar no Consello Escolar un sistema para minimizar o custe das fotocopias facilitadas ao alumnado.
10. Intentar acadar un compromiso para a implantación da especialidade de Órgano.



11. Establecer un calendario anual de reunións dos órganos colexiados e de goberno do Centro.
12. Crear unha guía de desenvolvemento do alumnado no Conservatorio.
13. Crear unha guía de información sobre o Conservatorio para as familias na que se expoña o funcionamento, e a información de relevancia que necesite ser coñecida por estas.
14. Transmitir a través do correo-e a información sobre as actividades que poidan ser de interese para a súa asistencia.
15. Manter unha reunión anual do equipo directivo coa ANPA do Centro para coñecer a súas opinións e expectativas en relación co Centro.
16. Realizar unha charla en relación co acceso aos estudos elementais, profesionais e superiores de música.
17. Realizar unha charla sobre saídas profesionais para o alumnado do Centro en relación coa música.
18. Realizar unha campaña de promoción do acceso aos estudos de música entre os colexios da cidade.
19. Realizar charlas de mulleres ou actividades que poñan en valor o papel da muller e á súa relevancia no ámbito da composición, dirección ou interpretación musical.



2.1 Horario xeral e criterios para a súa elaboración

A actividade lectiva do centro organízase entre as 9:00h e as 22:00h.

O horario elaborouse seguindo as directrices marcadas polo Capítulo II da ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma (DOG do 18 de agosto). Neste sentido, para facilitar o aproveitamento dos espazos do centro para a docencia, as clases en horario de tarde comezan como norma xeral ás 16:00h. e rematan ás 22:00 h. agás o venres que rematan ás 21:00h. A elaboración do horario xeral do centro respectou a dispoñibilidade horaria do alumnado limitada polo ensino obrigatorio, intentando facilitar tamén na medida do posible as peticións horarias do alumnado que cursa estudos universitarios e non obrigatorios como son os ensinos de idiomas e outros. A idade do alumnado, así como a intención de minimizar o número de días que alumno ten que vir o centro, foron tamén criterios de peso na elaboración dos horarios e a distribución do mesmo en grupos. Co fin de minimizar os días de asistencia ao Centro, , as clases de Harmonía, Análise, e Historia da Música continúan a ter unha duración de dúas horas ininterrompidas, un día por semana o mesmo que o pasado ano.

A elección dos horarios de piano complementario fixéronse seguindo os mesmos parámetros que os do curso 2015-16 xa que foi un sistema que evitou queixas que outros anos se producían.

A Biblioteca abrirá todos os días de 15:30 a 21:00 horas excepto os venres que será ata as 19:00 (pendentes de pechar o calendario de gardas e bibliotecas) horas e a oferta de mañá segundo cronograma que se anexa no cadro de gardas. As clases correspondentes ao Grao Elemental desenvólvense exclusivamente en horario de tarde. As clases correspondentes ao Grao Profesional impártense na súa maioría tamén en horario de tarde. Ao igual que en anos anteriores, creáronse grupos no 6º curso de Grao Profesional en horario de mañá, para mellorar a oferta horaria o alumnado que cursa estudos universitarios ou que ten dedicación exclusiva nestas ensinanzas.

2.2 Horario de atención ao público

Dirección. José Luis Quintás Carreira: Venres ás 18:00h. e Martes ás 10:00h.

Vicedirección. Sonia Avilés Vidal: Luns ás 18:00 h. e Xoves ás 11:00 h.

Xefatura de estudos. Zeltia Labraña González: Luns ás 12:00h. e Xoves ás 18:00h.

Secretaría. Diego Paz Alonso: Martes ás 18:00h. e Mércores ás 11:00 horas

Horario de oficina: de 9:00 a 13:00h. de luns a venres.



2.3 Cadro xeral horario de atención tutorial

Alexandrovskaya Trofimova, Olga	Luns as 15:00 horas
Alonso Díaz, Luz	Mércores e xoves ás 15:30 horas
Avilés Vidal, Sonia	Mércores ás 15:00 horas
Bermejo Gorostiza, Itsaso	Xoves ás 15:00 horas
Buide del Real, Fernando	Xoves as 17:00 horas
Canosa Insua, Saúl	Martes ás 19:00 horas
Cañada Valverde, Juan Vicente	Venres as 15:00 horas
Cao Iglesias, Borja	Martes ás 16:00 horas
Cao Iglesias Humberto	Martes ás 16:00 horas
Cimadevila Louzao, Alejandro	Martes as 19:00 horas
Collazo Quinteiro, Juan	Mércores ás 15:30 e xoves ás 17:30 horas
Dapena González, José M.	Martes ás 20:00 horas
Delgado Blanco, Yolanda M.	Luns ás 16:30 horas
Dios Domínguez, María Pilar	Xoves ás 21:00 horas
Durán Arufe, David	Luns as 16:00 horas
Fernández Pan, Marta	Venres ás 18:00 horas
Fernández Vázquez, M ^a del Mar	Martes ás 20:00 horas
Ferreiro Soto, Carmen	Mércores ás 16:00 horas
Fontenla Portas, Miguel	Luns ás 18:30 horas
García Escuredo, Efrén	Luns ás 18:00 horas
García Fernández, Antonio	Luns ás 18:00 horas
García García, Vicente	Mércores ás 17:00 horas
Hervás Brull, María Jesús	Luns ás 15:00 horas
Iriso Delicado, M ^a Teresa	Luns ás 16:00 horas



Lloréns Blay, Guzmán	Martes ás 18:00 horas
López Carrera, Aida M.	Martes ás 15:00 horas
López Fariña, Miguel Á.	Martes ás 18:00 horas
López-Felpeto Paz, Elena	Luns ás 16:00 horas
Martínez-Risco Ulloa, Ton	Martes ás 18:00 horas
Martínez Villar, Manuel	Luns ás 20:00 horas
Millán Pérez, Martín	Venres ás 15:00 horas
Novio López, Valentín	Venres ás 15:00 horas
Otero Neira, Javier	Martes ás 20:00 horas
Paz Alonso, Diego	Xoves ás 20:00 horas
Pazos Pintor, Uxio	Mércores ás 20:00 horas
Pérez López, Guillermo	Martes ás 15:00 horas
Pérez Peiró, Sergio	Venres ás 15:00 horas
Quintás Carreira, José L.	Luns ás 19:00 horas
Rei Maio, Fernando	Luns ás 16:00 horas
Rei Sanmartín, Isabel	Xoves ás 19:00 horas
Rodríguez Álvarez, X. Antonio	Xoves ás 19:00 horas
Rodríguez Ramos, José	Mércores ás 21:00 horas
Rouco López, M ^a Belén	Mércores ás 21:00 horas
Rubio Lera, Ángeles	Xoves ás 21:00 horas
Salgado Sabaríz, Leticia	Xoves ás 15:00 horas
Santamarina Fernández, Roberto	Martes ás 20:00 horas
Suárez Ogando, Noia	Martes ás 17:00 horas
Tilve González, Carlos E.	Mércores ás 17:00 horas
Valcárcel Moura, Alejandro	Mércores ás 15:00 horas



Valdés Paredes, Jorge	Martes ás 15:00 horas
Vicente Rodríguez, Estefanía	Luns ás 19:00 horas
Vizoso Pérez, Miguel	Xoves ás 15:30 horas
Villafáfila Aparicio, Ángel	Luns ás 18:00 horas

2.4 Horario de utilización das instalacións do centro

Horario lectivo

A xornada lectiva do Conservatorio esténdese dende as 9:00 horas ata as 22:00 horas de luns a xoves. Os venres a xornada lectiva remata as 21:00 horas.

Horario de utilización das instalacións do Centro.

As instalacións xerais do centro pódense utilizar no horario que queda reflectido. As cabinas de estudo pódense utilizar polo alumnado do centro sempre que exista dispoñibilidade, por orden de chegada, recollendo a chave co carné de alumno do CMUS. Tamén se poden utilizar as aulas do conservatorio en horario de mañá sempre que non as precisen os profesores, con un permiso especial da dirección do Centro.

2.5 Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio

O Decreto 223/2010 do 30 de decembro polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu capítulo III, artigo 45, punto 9, di que polo menos con una periodicidade trimestral, "os órganos colexiados reuniranse para avaliar cada un no ámbito das súas competencias, o grao de cumprimento da programación xeral anual e propor as oportunas modificacións se as houber".

Como resultado destas avaliacións introduciranse na PXA modificación a proposta dos órganos colexiados do Conservatorio.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica elaborará propostas que se incluírán na programación xeral anual do próximo curso.



Capítulo II (letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1. Documento de organización do centro

O Documento de organización do Centro entrégase en formato dixital como é preceptivo.

2. Modificacións do proxecto educativo

O Novo proxecto Educativo do Centro xa foi enviado a Inspección Educativa.

3. Programacións didácticas dos departamentos

As programacións didácticas adxúntanse en formato dixital.

Capítulo III (letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

4. Profesorado participante en programas de innovación educativa

No CMUS Profesional de Música de Santiago de Compostela non intervén profesorado participante en programas de Innovación Educativa.

5. Programa anual de formación do profesorado

O Equipo Directivo do CMUS Profesional de Santiago de Compostela, solicitou tanto do Claustro como da Comisión de Coordinación Pedagóxica iniciativas de formación de Grupos de traballo e Seminarios por parte do Profesorado do Centro.

En función das petición por parte do Claustro organizaronse os seguintes,

Grupos de traballo:

[S1605062 - Iniciación o Jazz](#) formado polo seguinte profesorado:

- Manuel Martínez Villar, Coordinador
- Valentin Novio
- Diego Paz Alonso
- José Rodríguez Ramos
- Fernando Rei Maio



- Guzmán Lloréns

Seminarios

[S1606068 - Music in English \(Seminario de inglés para músicos\)](#) FORMADO POLO

SEGUINTE PROFESORADO:

- Elena López-Felpeto, Coordinadora
- Natalia Méndez
- Marta Fernandez Pan
- Fernando Buide
- Mar Fernández
- Ángel Villafáfila
- Alejandra Escolante
- Miguel Fontenla
- Efrén García
- María Jesús Hervás
- Leticia Salgado
- Noia Suárez
- Jorge Valdés
- Miguel Vizoso



A formación do resto do profesorado realízase de acordo ás súas propias preferencias. O profesorado do Centro solicitou a súa participación ata o momento nas seguintes actividades de formación:

[G1601063 - As ferramentas TIC aplicadas á atención á diversidade](#)

[G1601069 - Desenvolvemento do traballo colaborativo a través de dispositivos móbiles](#)

[G1601073 - Ensinar o Holocausto](#)

[G1602007 - Programas Europeos: O programa Erasmus +. Convocatoria curso 2016-17](#)

[L1601007 - Percusión corporal e movemento](#)

[S1601015 - Educación auditiva, comprensión e improvisación. Metodoloxía IEM](#)

[S1603002 - Composición musical para a imaxe](#)

Ata o momento confirmáronse as seguintes actividades de formación:

- ANTONIO GARCÍA FERNÁNDEZ, foi **admitido** na actividade de formación permanente do profesorado **Educación auditiva, comprensión e improvisación. Metodoloxía IEM.**
- FERNANDO REI MAIO, foi **seleccionado** para realizar a actividade de formación permanente do profesorado **As ferramentas TIC aplicadas á atención á diversidade.**

- Don SAÚL CANOSA INSUA, foi **admitido** na actividade de formación permanente do profesorado **Ensinar o Holocausto**, que se desenvolverá en PLATEGA, dende o día 24/10/2016 ata o día 05/12/2016.
- Don FERNANDO REI MAIO, foi **seleccionado** para realizar a actividade de formación permanente do profesorado **Técnicas de resolución pacífica de conflitos**.
- Don DIEGO PAZ ALONSO, foi **seleccionado** para realizar a actividade de formación permanente do profesorado **Programas Europeos: O programa Erasmus +. Convocatoria curso 2016-17**.
- Dona MARÍA BELÉN ROUCO LÓPEZ, foi **seleccionada** para realizar a actividade de formación permanente do profesorado **Programas Europeos: O programa Erasmus +. Convocatoria curso 2016-17**.

6. Programa de promoción da lingua galega

O programa de promoción da lingua galega achégase en documento adxunto.

7. Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O plan anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas entrégase como anexo. (Programación Xeral Anual de Actividades).

8. Plan de autoprotección

O Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, así como o *DECRETO 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia* establecen no seu ANEXO I, punto 1, alínea e, que deberán realizar plans de Autoprotección os:

1. *Establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas discapacitadas físicas ou psíquicas ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.*
2. *Calquera outro establecemento de uso docente sempre que dispoña unha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 2.000 persoas.*



O Conservatorio de Música de Santiago de Compostela non se atopa en ningún de estes casos pero aínda así está en contacto con unha empresa especializada para a realización de un plan específico que consista en un documento para o Centro e na formación do persoal existente no mesmo.

ORDEN de 13 de novembro de 1984 sobre exercicios de evacuación de emerxencia en Centros Públicos Docentes. Os Centro Públicos Docentes levarán a cabo prácticas de evacuación dos edificios, que se efectuarán durante os tres primeiros meses do ano académico de acordo coas instrucións que se atopan no anexo da citada Orde.

De acordo con esta ORDE o Centro está elaborando un simulacro de evacuación para levar a cabo.

- As vías de evacuación do Centro atópanse sinalizadas.
- O Conservatorio renovou no curso 2014-15 a sinalización de emerxencias, revisou e mantén operativos todos os dispositivos do Centro para facer fronte a calquera imprevisto.
- O Conservatorio mantén un contrato coa empresa JOMAGAR para velar polo bo funcionamento do equipo contra incendios, alarmas e demais dispositivos.
- O Conservatorio de Música de Santiago de Compostela conta dende a súa construción con un manual de Autoprotección para facer fronte a posibles imprevistos ou situacións de emerxencia que será revisado este ano por unha



empresa externa, a cal formará tamén ao persoal do Centro para situacións de emerxencia.

A presente PXA foi aprobada nos aspectos que competen ao Claustro en reunión celebrada o día 17 de novembro de 2016, e informada favorablemente polo Consello Escolar do Centro o día 18 de Novembro de 2016.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016.

O Director.

Asdo.: José Luis Quintás Carreira

**DONA CONCEPCIÓN ARAMBURU, INSPECTORA DO CMUS
PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. XEFATURA
TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN (A CORUÑA)**